

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	PADERNE DE ALLARIZ
Edificio	Igrexa de San Lourenzo de Siabal
Dirección	Lugar de San Lourenzo, s/n. 32112
	42.282929 -7.756054
Protección	
Descricion	<p>Edificio do século XVIII, barroco de planta en cruz latina e traza sinxela. Practicamente carente da ornamentación e artificiosidade propia dos edificios relixiosos pertencentes a este estilo. A igrexa destaca sobremaneira pola magnífica torre de campás que loce a súa fachada.</p> <p>Esta iníciase virtualmente a ambos lados da porta principal por medio de dúas pilastras adosadas que se prolongan visualmente ata a torre.</p> <p>Sobre o oco de entrada dispónse unha xanela enmarcada nunha moldura que harmoniza á perfección co sobrio deseño xeral da fachada.</p> <p>O fenomenal campanario de dous corpos superpostos rematados nun cupuliño opaco é, sen dubida, o elemento mais destacado e mellor logrado de todo o conxunto. O primeiro corpo, o que acolle os sinos de bronce, é o que presenta as maiores dimensións, dotándose ademais dunha balconada pétreo perimetral a base de fermosos balaústres contorneados. O corpo superior, ao igual que o que o sostén, presentase oco e furado nos catro eixos cardinais para posibilitar a pericia da altura que acada. Por último a cupuliña disposta no cumial, ao igual que os módulos inferiores, xurde a partir dun leve cornixamento para diferenciarse de cada unha das pezas que a preceden en altura.</p> <p>A torre, que aparece situada no eixo central da fachada, proporciona un extraordinario impulso vertical á edificación, algo que consegue grazas á elegancia e á proporcionalidade do seo porte.</p> <p>Existe constancia documental de obras entre 1585 e 1587, o que evidencia que a actual igrexa foi construída sobre unha anterior posiblemente románica.</p> <p>Na fachada norte, sitúase un antigo osario que hoxe permanece fora de uso.</p> <p>No interior ten un baptisterio dotado cunha voluminosa pía bautismal de pedra, ornamentada con gravado xeométrico e illada a través de unha verxa de ferro. Contigua á entrada lateral da nave dispónse tamén unha pía de auga bendita decorada con un ornato xeométrico dentado en forma de zigue-zague.</p>
Campás	2 campás.
Fotos	1
Toques actuais de campás	
Conservación, mantemento	
Propostas	
Autors da documentación	TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA (FACEBOOK)

Data

26-11-2024

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Torre-campanario	<u>Maior.</u>	<u>BLANCO LEMOS, ANTONIO</u>	1947		
Torre-campanario	<u>Menor.</u>	<u>ANÓNIMO (GALICIA)</u>	1816	60	125

Información completa: [Igrexa de San Lourenzo de Siabal - PADERNE DE ALLARIZ \(GALICIA\)](#)

PDF (05-07-2026)